PLAN DE IGUALDADE ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.

XUÑO 2025- XUÑO 2029

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCIÓN....3
1.1. PRESENTACIÓN DA EMPRESA....3
1.2. PARTES SUSCRITORAS DO PLAN DE IGUALDADE....4
1.3. AMBITO DE APLICACIÓN....5
1.4. VIXENCIA....6
1.5. MARCO LEGAL NO QUE SE ENCADRA O PLAN DE IGUALDADE....6
1.6. COMPROMISO DA EMPRESA COA IGUALDADE....9
1.7. CARACTERÍSTICAS DO PLAN DE IGUALDADE....9
2. ESTRUCTURA DO PLAN DE IGUALDADE....11
3. INFORME DE DIAGNÓSTICO....13
4. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE IGUALDADE....27
5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS....29
5.1.1. Accións implantadas:....29
5.1.2. Accións a implantar:....29
6. APLICACIÓN E SEGUIMENTO....42
6.1. COMPOSICION DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PLAN DE IGUALDADE....44
6.2. FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PLAN DE IGUALDADE....44
6.3. REUNIÓNS....45
6.4. MEDIOS....45
6.5. ADOPCIÓN DE ACORDOS....45
6.6. CONFIDENCIALIDADE....46
7. AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE....47
8. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E MODIFICACION DO PLAN DE IGUALDADE....48
9. ANEXO I- FICHA DE SEGUIMENTO....49
10. ANEXO II.- INFORME DE SEGUIMENTO....50
11. ANEXO III.- INFORME DE AVALIACIÓN....51

1. INTRODUCIÓN

1.1. PRESENTACIÓN DA EMPRESA

ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L. é unha empresa que foi fundada en 1998, que dispón dun equipo multidisciplinar de profesionais altamente especializados/as na promoción e xestión de actividades e servizos nos ámbitos do deporte, o lecer, a cultura, a educación, a formación profesional e os servizos sociais.

A empresa dedícase ao deseño de solucións personalizadas, coidadosamente adaptadas ás necesidades específicas de organizacións tanto públicas como privadas. O seu obxectivo principal é optimizar a xestión dos recursos dispoñibles, mellorando a calidade e a eficiencia na súa utilización, mediante a implementación de estratexias axustadas aos requirimentos particulares de cada cliente.

1.2. PARTES SUSCRITORAS DO PLAN DE IGUALDADE

Dado que existen centros de traballo tanto con representación legal das persoas traballadoras (RLPT) como sen ela, a empresa procedeu a convocar tanto á RLPT como aos sindicatos máis representativos a nivel estatal. Deste xeito, o proceso de negociación do diagnóstico e do Plan de Igualdade (incluíndo as medidas concretas) realizouse coa participación da RLPT e dos sindicatos CIG, CCOO e UGT.

A negociación desenvolveuse a través dunha Comisión de Igualdade constituída de forma paritaria, con representación equilibrada entre a empresa e a representación legal das persoas traballadoras. Esta comisión foi o órgano encargado de debater, acordar e aprobar tanto o diagnóstico da situación como o contido do Plan de Igualdade. Por parte da empresa:

- Yago Rey Devesa con DNI ****388**
- Ramiro Santos Taboada con DNI ****786**
- Mariña Bermúdez Fernández con DNI ****206**
- María Mosquera Cruz con DNI ****165**

Por parte da representación dos/as traballadores/as:

- Carlos César Gil González con DNI ****762** coma representante legal dá empresa do sindicato CIG
- José Antonio Míguez Vila con DNI ****041**en representación do sindicato UXT
- Rubén Monteagudo Fernández con DNI ****652** en representación do sindicato CIG
- María C. Rodríguez García DNI ****416** en representación do sindicato CCOO FSC

1.3. AMBITO DE APLICACIÓN

O presente Plan de Igualdade será de aplicación na totalidade dos centros de traballo e á totalidade das persoas traballadoras da empresa, calquera que sexa a forma de contratación laboral (art. 10 do RD 901/2020).

NOME OU RAZÓN SOCIAL	**ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.**
ACTIVIDADE (CNAE)	9312
CONVENIO COLECTIVO	IX Convenio colectivo nacional de ensino e formación non regulada. III Convenio colectivo marco estatal do sector lecer educativo e animación sociocultural. IV Convenio colectivo de instalacións e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia. III Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia. V Convenio colectivo do sector de residencias privadas de persoas de idade de Galicia.
CENTROS DE TRABALLO	Esproade. S.L.- Culleredo Escola Municipal de Música de Oroso Escola municipal d Música -Santiago de Compostela
DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	Anxo Senra Fdez., Baixo 15670 O Burgo, Culleredo

As persoas destinatarias do PLAN DE IGUALDADE son tanto mulleres como os homes, pois a súa finalidade diríxese a conseguir unha organización máis competitiva nun marco laboral no que se respecte a diversidade e no que mulleres e homes poidan traballar en igualdade de condicións e oportunidades.

O papel que vai xogar o PLAN DE IGUALDADE como instrumento de impulso e planificación da política de igualdade dentro da empresa vai ser de gran importancia. A existencia dun marco referencial que estableza os obxectivos a cumprir e as actuacións a desenvolver por parte de todas as áreas implicadas supón non só a posibilidade de establecer que se quere conseguir e como, senón tamén de avaliar, unha vez acabado o seu período de vixencia, o grao de cumprimento alcanzado polo Plan.

1.4. VIXENCIA

O presente Plan de Igualdade recolle o conxunto ordenado de medidas orientadas a alcanzar os obxectivos que se concretan no mesmo, entendendo que uns obxectivos poderán ser alcanzados antes que outros, que a entrada en vigor das medidas concretas, sen alterar en menos os prazos expresamente marcados, pode ser distinta e progresiva e, que o carácter especial das accións positivas fai que as mesmas só sexan de aplicación mentres subsistan cada un dos supostos que se pretendan corrixir.

A comisión entende que o presente Plan de Igualdade ten unha vixencia de 4 anos a contar dende a data da súa aprobación: **30 de xuño de 2025 ata 29 de xuño de 2029**.

O Plan de Igualdade manterase vixente ata que non se renove ou acorde un novo plan de igualdade, sen que no seu caso a súa duración máxima exceda do período de 4 anos previsto no artigo 9.1 do Real Decreto 901/2020.

1.5. MARCO LEGAL NO QUE SE ENCADRA O PLAN DE IGUALDADE

O Plan de Igualdade de **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.,** non constitúe un instrumento illado, senón que se enmarca baixo un paraugas institucional e lexislativo máis amplo:

NORMATIVA INTERNACIONAL:

A igualdade entre as persoas, sen discriminación por razón de sexo, é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos entre os que cabe destacar a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983.

NORMATIVA COMUNITARIA:

A igualdade é un principio fundamental na Unión Europea, desde a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam , do 1 de Maio de 1997, a igualdade entre mulleres e homes, e eliminación da desigualdade entre ambos é un obxectivo transversal que debe integrarse en todas as súas políticas e accións e nas dos seus estados membros.

NORMATIVA NACIONAL:

No noso país, a Constitución de 1978 proclama no seu artigo 14 o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo; e pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a obrigación dos poderes públicos de promover en condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva.

O pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei completouse coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo de igualdade efectiva entre mulleres e homes removendo os obstáculos que impiden conseguila.

O art.45.1 da LOIEMH establece a obrigación das empresas de respectar a igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral, a cuxo efecto deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deberán negociar, e no seu caso, acordar, coa representación legal dos traballadores e traballadoras (RLT).

No 2019 dáse un avance máis cara á igualdade coa aprobación do Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Esta nova lexislación engade o deber de inscribir os Plans de igualdade no Rexistro de Plans de Igualdade das empresas, como parte dos Rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo.

Durante o 2020 dáse un paso máis e apróbase o Real decreto lei 901/2020 e o Real decreto lei 902/2020, esta nova normativa inclúe o contido mínimo que deben conter o Diagnóstico e engade a necesidade de realizar unha Valoración de postos e unha Auditoría Retributiva ao Plan de formación.

NORMATIVA AUTONÓMICA:

No que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que corresponde ao poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

A través do desenvolvemento do diálogo institucional entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, o ámbito municipal preséntase como o contexto idóneo para pór en práctica medidas innovadoras para a igualdade entre mulleres e homes, xa que a

Administración local é a máis próxima á cidadanía, coñece con maior profundidade as necesidades da poboación e os recursos cos que conta, e a proximidade institucional facilita a acción política que rendibilizará os recursos e garantirá a igualdade de oportunidades.

No ámbito destas competencias, a Lei galega 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, supuxo importantes avances en defensa da igualdade e contra a discriminación. Coa Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, se pretende dar un paso máis adiante. Ambas foron derrogadas pola actual normativa, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Así, a consecución da inserción laboral en clave de igualdade laboral convértese nun dos alicerces claves para facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que este é un dos ámbitos onde, ata agora, foi máis visible a desigualdade.

O PLAN DE IGUALADE entre mulleres e homes de **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.** xorde neste marco legal e normativo do cal tomou referencias para contribuír a cumprir cos obxectivos que estes instrumentos marcan.

A igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes debe ser, por tanto, unha prioridade no Plan Estratéxico da empresa, considerándose como un principio fundamental das relacións laborais e da xestión dos recursos humanos da empresa.

Neste sentido, o deseño, implantación e avaliación do PLAN DE IGUALDADE na empresa, é unha ferramenta esencial para alcanzar, no ámbito da mesma a igualdade de trato entre mulleres e homes, facilitar a igualdade de oportunidades e eliminar calquera discriminación ou desigualdade por razón de sexo.

E así mesmo, constituíuse unha **Comisión de Igualdade** que, con carácter xeral ocuparase de promocionar a Igualdade de oportunidades, fortalecendo as bases dunha cultura na organización do traballo que favoreza a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e que, ademais, posibilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Neste sentido, a **Comisión de Igualdade**, encárgase da negociación do PLAN DE IGUALDADE, a cal tratou a información sobre as distintas áreas da empresa, con datos desde o **ano 2022**, co obxecto de realizar un diagnóstico da situación inicial que detecte as distintas formas de discriminación ou desigualdade que puidesen existir na empresa que afecten a:

- **Difusión e compromiso coa Igualdade de trato e de oportunidades**
- **Situación de mulleres e homes en a organización**
- **Infrarrepresentación feminina**
- **Clasificación profesional**
- **Proceso de selección e contratación**
- **Promoción e desenvolvemento profesional**
- **Formación**
- **Condicións de traballo e auditoría salarial**
- **Retribucións**
- **Exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral**
- **Saúde laboral e Prevención do acoso sexual e por razón de sexo**

1.6. COMPROMISO DA EMPRESA COA IGUALDADE

O Compromiso da Dirección coa Igualdade e Non Discriminación é o motor fundamental para alcanzar a implicación do persoal nesa tarefa e, conxuntamente conseguir que este plan de Igualdade sexa un instrumento efectivo de mellora do clima laboral, da optimización das capacidades e potencialidades de todo o persoal e, con iso, da mellora da calidade de vida e do aumento da produtividade.

Para a elaboración deste Plan realizouse un completo diagnóstico da situación e posición das mulleres e homes dentro da empresa para detectar discriminacións e/ou desigualdades, directas ou indirectas que requiran adoptar medidas para erradicar a súa existencia e corrixir calquera desviación do principio fundamental de respecto á igualdade.

Conseguir a igualdade real supón non só evitar as discriminacións por razón de sexo (igualdade de trato), senón, tamén, conseguir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso á empresa, a contratación e as condicións de traballo, a promoción, a formación, a retribución, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, etc.

1.7. CARACTERÍSTICAS DO PLAN DE IGUALDADE

O PLAN DE IGUALDADE é un conxunto ordenado de medidas de igualdade e accións positivas que pretende integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na empresa.

O PLAN DE IGUALDADE de **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.** caracterízase por unha serie de trazos que guiaron non só o proceso da súa elaboración senón tamén os contidos do mesmo :

- Colectivo: está deseñado para o conxunto do persoal, non está dirixido exclusivamente ás mulleres, posto que con el preténdese conseguir unha organización máis competitiva na que homes e mulleres poidan traballar de forma harmónica e conxunta.
- Participativo: considera como un dos seus principios reitores a participación a través do diálogo e cooperación das partes (dirección da empresa, parte social e conxunto do persoal).
- Preventivo: elimina calquera posibilidade de discriminación futura por razón de sexo.
- Dinámico: ten coherencia interna e está aberto aos cambios en función das necesidades que vaian xurdindo a partir do seu seguimento e avaliación.
- Adopta a transversalidade de xénero como un dos seus principios reitores e unha estratexia para facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes, que implica incorporar a perspectiva de xénero na xestión da empresa en todas as súas políticas e a todos os niveis.
- Compromiso: Alcanzar un nivel de compromiso da empresa que garante os recursos humanos e materiais necesarios para a súa implantación, seguimento e avaliación.
- Adhesión: este Plan para ser efectivo debe ser asumido por todos os estamentos que compoñen a empresa, posto que o seu éxito está estreitamente relacionado co nivel de adhesión e de participación de cada un deles, por iso é indispensable que haxa unha predisposición positiva a colaborar na súa execución. En concreto, o Plan debe ser asumido por:
    - A Dirección da empresa: Sen a implicación das persoas que ocupan postos de decisión, o Plan correría o risco de non chegar a implantarse..
    - Responsable de Área ou mandos intermedios: É preciso contar coa implicación dos/as Responsables de cada unha das áreas da empresa así como as persoas que ocupan postos intermedios, dentro da organización.
    - Traballadores e traballadoras: É imprescindible a implicación do persoal tanto feminino como masculino, expresado a través da creación dunha Comisión de Igualdade na que participen os traballadores e traballadoras da empresa a través dos seus representantes legais.

2. ESTRUCTURA DO PLAN DE IGUALDADE

O Plan de igualdade estrutúrase nos seguintes apartados:

I. **DIAGNÓSTICO** da situación de partida de mulleres e homes na empresa. A negociación do presente Plan de Igualdade vai precedida pola constitución da Comisión de Igualdade que abordaría cada unha das fases que se definían no devandito acordo. O diagnóstico realizouse a partir da análise da información cuantitativa e cualitativa solicitada á empresa, con datos desde o ano 2022 ata o 2024.

II. **PROGRAMA DE ACTUACIÓN (PLAN DE IGUALDADE)** elaborado a partir das conclusións do diagnóstico e das carencias detectadas en materia de igualdade entre as persoas que integran a empresa, así como establecendo medidas que favorezan o reforzo daquelas áreas que se consideran estratéxicas para alcanzar a excelencia na igualdade.

Nel establécense os obxectivos a alcanzar para facer efectiva a igualdade, as medidas e accións positivas necesarias para conseguir os obxectivos sinalados, un calendario de implantación, as persoas ou grupos responsables da súa realización e indicadores e/ou criterios de seguimento das accións.

Neste sentido, o programa de actuacións ten dobre finalidade, por unha banda definir as medidas de acción positiva que corrixan os desequilibrios existentes e por outro, a adopción de medidas de igualdade que de forma transversal garantan a integración do principio de igualdade en todas as políticas da empresa, en todos os seus procesos e en todos os seus niveis.

Para responder a este criterio, o programa de actuación (Plan de Igualdade) estrutúrase en:

- Obxectivos xerais
- Obxectivos específicos
- Medidas a implantar
- Prazos de execución
- Persoas responsables
- Persoas destinatarias
- Recursos materiais e humanos
- Indicadores e/ou criterios de seguimento

que, en base ao diagnóstico realizado, establecéronse como necesarias ou convenientes en cada unha das seguintes áreas:

- Difusión e compromiso coa Igualdade de trato e de oportunidades
- Situación de mulleres e homes na organización. Infrarrepresentación feminina
- Proceso de selección e contratación.
- Promoción e desenvolvemento profesional
- Formación
- Retribucións
- Exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral
- Saúde laboral e Prevención do acoso sexual e por razón de sexo
- Violencia de xénero

III. **SEGUIMENTO E AVALIACIÓN**: mediante indicadores de medición e os instrumentos de recollida de información para avaliar o grao de cumprimento do Plan e dos obxectivos alcanzados.

3. INFORME DE DIAGNÓSTICO

Resúmense neste apartado os principais resultados do diagnóstico e da auditoría retributiva:

3.1. RESUMO DE RESULTADOS DO DIAGNÓSTICO INCIAL DE SITUACIÓN E CONCLUSIÓNS

Compromiso coa igualdade

A través da análise da información recompilada detéctase que, en canto á **cultura da organización**, actualmente a igualdade de oportunidades non está recollida en ningún documento da organización.

En canto á **estrutura e xestión organizativa**, a empresa non contaba cunha estrutura de igualdade de oportunidades previa ao comezo do presente proceso.

O respecto ás **relacións da empresa con outras organizacións coas que colabora** cabe destacar que non se está primando por ningún medio aquelas que desenvolven actividades que promoven a igualdade entre homes e mulleres.

En relación á **comunicación e imaxe corporativa**, polo momento non se difunden contidos específicos de igualdade entre mulleres e homes a través das canles de comunicación existentes na empresa (o teléfono e o correo electrónico).

Situación de mulleres e homes na organización

POR SEXO	N.º	%
MULLERES	305	59%
HOMES	215	41%
TOTAL	520	100%

Visto graficamente:



Se analizamos a composición do persoal segregada por sexo, comprobamos que o 41% do persoal é de sexo masculino, fronte ao 59% de persoal do sexo feminino. Polo que se observa que existe certo equilibrio entre as porcentaxes xenéricas de representación masculina e feminina existentes na organización, sendo elas a que se atopan levemente sobrerrepresentadas debido a factores relacionados co sector de actuación.



Acceso á organización: recrutamento e selección



Analizando a evolución das contratacións nos últimos anos, podemos observar que en ao longo dos anos a contratación feminina é alta e aumenta co paso do tempo, tanto no caso feminino como no masculino.

Aínda que, a contratación de mulleres sexa superior debido á feminización propia das profesións predominantes. Cabe destacar que en ningún caso a contratación deste persoal atende a cuestións de discriminación por sexo na organización.

Por iso, podemos afirmar que a tendencia de contratación en **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.** nos últimos anos mantense estable respecto de ambos os sexos.



Analizando a evolución dos cesamentos nos últimos anos, observamos que a media de cesamentos femininos – un 55%- é superior á media de cesamentos masculinos- un 45%-, en concordancia coas contratacións analizadas no apartado anterior. Ademais, podemos ver unha tendencia descendente co paso do tempo.

Promoción e desenvolvemento profesional

Cabe destacar que, durante os últimos anos, en **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.**, non tivo lugar ningunha promoción.

En canto á xestión da promoción, cabe destacar que na organización os postos de traballo están definidos de maneira xeral para o persoal de oficina, mentres que, no caso do monitorado, a descrición das funcións é máis detallada.

En canto á avaliación do persoal, establécese un período de proba conforme ao convenio aplicable, e para os traballadores/as contratados en servizos como monitorado ou conserjería, realízase un seguimento mediante visitas da persoa responsable do servizo. Ademais, levan a cabo enquisas aos usuarios e usuarias para coñecer o seu nivel de satisfacción, e recíbese retroalimentación directa dos responsables municipais dos servizos.

Actualmente, na organización non existen Plans de Carreira nin promocións internas programadas, por iso non se prevén nin criterios nin métodos específicos. Soamente prodúcense variacións da xornada e ou aumento das funcións.

Formación continua

TIPO DE FORMACIÓN	2023- 2024								
	ANO	POSTO DE TRBALLO	HORAS	HORARIO	LUGAR	MULLERES	HOMES	MULLERES %	HOMES %
COMPRENDER Ao ALUMNADO CON TDAH	2024	PROF. TITULAR	4	MIXTO	presencial - centro de traballo	7	7	27%	27%
A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES NA EMPRESA: IMPLANTACIÓN DE ELEMENTOS NECESARIOS	2024	ADMINISTRACIÓN	90	MIXTO	online	4	3	15%	12%
MELLORA NA INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	2024	PROF. TITULAR	16	MIXTO	presencial - centro de traballo	1	2	4%	8%
PROGRAMACIÓN, EXECUCIÓN E DIFUSIÓN DE PROXECTOS EDUCATIVOS NO TEMPO LIBRE	2023	COORDINADOR/A	80	MIXTO	online	0	2	0%	8%
Nº de formacións recibidas						**12**	**14**	**46%**	**54%**

Ordenación do tempo de traballo e conciliación

	MULLERES	HOMES
UTILIZACIÓN DE PERMISOS	2	3
Nº DE PERSOAS QUE UTILIZARON PERMISOS POR SEXO	1	3
TOTAL		

PERMISOS NO ÚLTIMO ANO	MULLERES	HOMES	MULLERES %	HOMES %
PERMISO DE MATERNIDADE	1	0	20%	0%
PERMISO DE PATERNIDADE	0	3	0%	60%
PERMISO DE LACTACIÓN	1	0	20%	0%
TOTAL	**2**	**3**	**40%**	**60%**

Analizando os permisos no último ano, podemos observar que se reparten de forma bastante paritaria. No entanto, son 3 os homes que utilizaron un permiso de paternidade e 1 muller utilizaron tanto o de maternidade como o de lactación.

O baixo número de permisos por paternidade ou maternidade na empresa pode xustificarse pola curva de idade das persoas traballadoras, xa que a maioría delas atópase no rango de entre 20 e 30 anos.

Neste grupo de idade, é común que moitas persoas aínda non formasen unha familia ou estean en etapas temperás da súa vida profesional, o que diminúe a cantidade de solicitudes de permisos relacionados coa maternidade ou paternidade.

Saúde laboral e acoso por razón de sexo

Na xestión da saúde laboral, cabe destacar que na empresa téñense en conta as diferentes necesidades de mulleres e homes no deseño dos postos de traballo, o cal está determinado polas necesidades do servizo e as pautas que marcan as entidades contratantes, normalmente públicas. Ademais, as instalacións e servizos atópanse adecuadas para equipos mixtos de traballo, xa que a maioría son instalacións municipais.

En **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.**, o servizo de vixilancia e prevención da saúde está externalizado. No entanto, a empresa conta cun protocolo de actuación en caso de embarazo e lactación.

En canto á xestión do acoso sexual e acoso por razón de sexo, ata o momento non se adoptaron medidas preventivas específicas, dado que non se rexistraron situacións de acoso. Existe un protocolo de acoso establecido no ano 2019, aínda que ata a data non foi necesario aplicalo. No caso de que se produza unha situación de acoso, garántese a privacidade da vítima en todo momento. Aínda que non se facilitou formación específica nesta materia, tomaranse as medidas adecuadas en caso de ser necesario.

3.2. RESULTADOS DA AUDITORÍA RETRIBUTIVA

Na auditoría retributiva tomáronse coma referencia os datos do ano completo 2023 e terá a mesma vixencia deste plan de igualdade, isto é, ata xuño de 2029 realizándose outra novamente durante a fase de diagnóstico de situación do seguinte plan de igualdade.

En canto á sistemática empregada para realizar para a valoración de postos de traballo, a empresa decidiu empregar a ferramenta posta a disposición polo Ministerio de igualdade a través do Instituto da muller, Igualdade na empresa.

Esta ferramenta permítenos determinar, con perspectiva de xénero, o valor que achega cada un dos postos de traballo á súa organización, independentemente da persoa que ocupa o posto en determinado momento.

Para levar a cabo a valoración de postos de traballo utilízase o sistema de puntos por factor, dado que é o sistema máis obxectivo.

Este sistema baséase en datos cuantitativos e cualitativos para determinar o valor de cada tarefa a desempeñar, de maneira que divide as tarefas que se realizan en cada posto de traballo na empresa, dándolles o nome de «factores», a cada factor outórgaselle un valor concreto, que sumará puntos cando se valore o posto de traballo.

Ademais, cada factor está dividido en «graos», que son a intensidade con que se debe levar a cabo cada un dos factores, é dicir, as tarefas.

Así, a valoración do posto de traballo baséase nas tarefas que os forman (os factores) e a intensidade (graos) coa que levan a cabo. Desta forma, pódese establecer unha xerarquía dos postos e obter dela unha análise baseada nunha puntuación concreta e poder comparar os de igual valor.

Isto permítenos deseñar un sistema de retribución equitativo evitando o rumbo de xénero no importe de salarios.

A continuación, móstranse as puntuacións derivadas da SVPT:

Número de posición	Título do Posto	A.1) POLIVALENCIA Ou DEFINICIÓN EXTENSA DE OBRIGACIÓNS	Frecuencia	Intensidade	A.2.1) Posición continuada e posturas forzadas	Frecuencia
1	Animdor/a sociocultural	1	SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)	FORTE	5	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)
2	Administrativo/a	2	SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)	FORTE	5	SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)
3	Control de acceso	Non relevante	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)	MODERADO	2	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)
4	Coordinador/a	4	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)	MODERADO	2	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)
5	Educador/a social	1	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	DÉBIL	2	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)
6	Instrutor/a	3	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	MODERADO	3	Non relevante
7	Limpeza	1	SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)	FORTE	5	SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)
8	Monitor/a-Socorrista	1	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)	MODERADO	2	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)
9	Monitor/a-Animación	1	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	MODERADO	3	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)
10	Prof. Titular	1	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	DÉBIL	2	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)
11	Servizos xerais	5	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	MODERADO	3	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)
12	Técnico/a especialista	4	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)	MODERADO	2	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)

Número de posición	Título do Posto	Intensidade	A.2.2) Movementos repetitivos	Frecuencia	Intensidade	A.2.3) Esforzo visual
1	Animdor/a sociocultural	**MODERADO**	2	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
2	Administrativo/a	**FORTE**	5	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**	**MODERADO**	3
3	Control de acceso	**MODERADO**	3	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
4	Coordinador/a	**MODERADO**	2	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
5	Educador/a social	**DÉBIL**	1	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
6	Instrutor/a	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
7	Limpeza	**FORTE**	5	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
8	Monitor/a-Socorrista	**MODERADO**	2	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**	**FORTE**	4
9	Monitor/a-Animación	**MODERADO**	3	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante
10	Prof. Titular	**DÉBIL**	2	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**MODERADO**	2
11	Servizos xerais	**MODERADO**	3	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**DÉBIL**	1
12	Técnico/a especialista	**MODERADO**	2	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**DÉBIL**	1

Número de posición	Título do Posto	Frecuencia	Intensidade	A.2.4) Esforzo auditivo	Frecuencia	Intensidade
1	Animdor/a sociocultural	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**	**DÉBIL**
2	Administrativo/a	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**
3	Control de acceso	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**

4	Coordinador/a	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**
5	Educador/a social	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**
6	Instrutor/a	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**DÉBIL**
7	Limpeza	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)**	**FORTE**
8	Monitor/a-Socorrista	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**DÉBIL**	1	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**FORTE**
9	Monitor/a-Animación	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**MODERADO**
10	Prof. Titular	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**
11	Servizos xerais	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**
12	Técnico/a especialista	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**Non relevante**	**Non relevante**

Número de posición	**Título do Posto**	**A.2.5) Outros tipos de esforzo físico**	**Frecuencia**	**Intensidade**	**A.3) ESFORZO MENTAL**	**Frecuencia**
1	Animdor/a sociocultural	2	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**DÉBIL**	1	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**
2	Administrativo/a	Non relevante	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**	**FORTE**	4	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**
3	Control de acceso	Non relevante	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**DÉBIL**	1	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**
4	Coordinador/a	Non relevante	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**	**FORTE**	4	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**
5	Educador/a social	Non relevante	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**	**FORTE**	4	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**
6	Instrutor/a	1	**DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)**	**MODERADO**	2	**SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)**
7	Limpeza	5	**Non relevante**	**Non relevante**	Non relevante	**NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)**

8	Monitor/a-Socorrista	3	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)	FORTE	3	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)
9	Monitor/a-Animación	2	Non relevante	Non relevante	Non relevante	DE CANDO EN VEZ (ata o 30% da xornada semanal)
10	Prof. Titular	Non relevante	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	FORTE	4	SEMPRE Ou CASE SEMPRE (máis do 60% da xornada semanal)
11	Servizos xerais	Non relevante	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	MODERADO	3	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)
12	Técnico/a especialista	Non relevante	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)	FORTE	4	NORMALMENTE (máis do 30 e ata o 60% da xornada semanal)

Número de posición	Título do Posto	Intensidade	A.4) ESFORZO EMOCIONAL	A.5.1) Responsabilidade de organización e coordinación	A.5.2) Responsabilidade de supervisión de resultados e calidade	A.6.1) Responsabilidade sobre o benestar das persoas	A.6.2) Responsabilidade económica
1	Animdor/a sociocultural	MODERADO	3	1	Non relevante	2	Non relevante
2	Administrativo/a	MODERADO	3	1	1	2	2
3	Control de acceso	MODERADO	3	1	1	1	Non relevante
4	Coordinador/a	MODERADO	3	3	2	2	Non relevante
5	Educador/a social	MODERADO	3	1	1	3	Non relevante
6	Instrutor/a	FORTE	5	1	1	3	Non relevante
7	Limpeza	MODERADO	3	1	1	1	Non relevante
8	Monitor/a-Socorrista	FORTE	3	1	1	3	Non relevante
9	Monitor/a-Animación	DÉBIL	1	1	1	3	Non relevante
10	Prof. Titular	FORTE	5	1	1	3	Non relevante
11	Servizos xerais	MODERADO	3	2	2	1	1
12	Técnico/a especialista	MODERADO	3	1	1	Non relevante	Non relevante

Número de posición	Título do Posto	A.6.3) Responsabilidade sobre información confidencial	A.7) AUTONOMÍA	A.8) OUTROS	B.1) ENSINO REGULADO	C.1.1) Procedementos, materiais, equipos e máquinas	C.1.2) Competencias dixitais	C.1.3) Xestión da diversidade
1	Animdor/a sociocultural	Non relevante	3	2	2	Non relevante	Non relevante	3
2	Administrativo/a	3	2	2	5	Non relevante	3	1
3	Control de acceso	3	1	1	1	Non relevante	Non relevante	3
4	Coordinador/a	2	3	2	5	Non relevante	1	2
5	Educador/a social	3	2	2	5	Non relevante	Non relevante	3
6	Instrutor/a	1	1	1	3	Non relevante	Non relevante	3
7	Limpeza	Non relevante	1	2	1	Non relevante	Non relevante	Non relevante
8	Monitor/a-Socorrista	Non relevante	1	2	3	Non relevante	Non relevante	3
9	Monitor/a-Animación	1	1	1	1	Non relevante	Non relevante	3
10	Prof. Titular	3	2	2	5	Non relevante	Non relevante	3
11	Servizos xerais	3	3	Non relevante	4	Non relevante	1	1
12	Técnico/a especialista	2	2	2	5	Non relevante	2	Non relevante

Número de posición	Título do Posto	C.1.4) Coñecemento ou dominio de idioma estranxeiro	C.1.5) Formación non regulada	C.1.6) Experiencia	C.1.7) Actualización de coñecementos	C.2.1) Destreza	C.2.2) Minuciosidade	C.2.3) Aptitudes sensoriais
1	Animdor/a sociocultural	Non relevante	3	Non relevante	Non relevante	3	Non relevante	3
2	Administrativo/a	Non relevante	2	2	2	1	2	1
3	Control de acceso	Non relevante	1	Non relevante	1	1	Non relevante	1
4	Coordinador/a	Non relevante	3	2	2	1	Non relevante	1

5	Educador/a social	Non relevante	2	1	3	Non relevante	Non relevante	1
6	Instrutor/a	Non relevante	3	Non relevante	2	1	Non relevante	1
7	Limpeza	Non relevante	1	Non relevante	1	3	Non relevante	1
8	Monitor/a-Socorrista	Non relevante	3	1	1	3	Non relevante	3
9	Monitor/a-Animación	Non relevante	2	Non relevante	1	3	Non relevante	3
10	Prof. Titular	Non relevante	2	2	3	1	Non relevante	1
11	Servizos xerais	Non relevante	1	1	2	3	Non relevante	1
12	Técnico/a especialista	Non relevante	1	1	3	1	Non relevante	1

Número de posición	Título do Posto	C.2.4) Capacidade para expor ideas e solucións	C.3.1) Capacidade comunicativa	C.3.2) Capacidade emocional	C.3.3) Capacidade de resolución de conflitos	C.4) OUTROS	Probabilidade
1	Animdor/a sociocultural	2	3	3	3	3	**Non relevante**
2	Administrativo/a	1	2	1	Non relevante	2	**Non relevante**
3	Control de acceso	Non relevante	2	Non relevante	1	Non relevante	**Non relevante**
4	Coordinador/a	2	3	2	2	1	**Non relevante**
5	Educador/a social	2	3	3	3	2	**Non relevante**
6	Instrutor/a	3	3	3	3	Non relevante	**Non relevante**
7	Limpeza	Non relevante	Non relevante	Non relevante	Non relevante	1	**MOI PROBABLE**
8	Monitor/a-Socorrista	1	3	3	1	1	**MOI PROBABLE**
9	Monitor/a-Animación	1	3	3	3	2	**Non relevante**
10	Prof. Titular	3	3	3	3	3	**Non relevante**
11	Servizos xerais	2	2	1	1	3	**Non relevante**

12	Técnico/a especialista	1	2	Non relevante	1	2	**Non relevante**

Número de posición	Título do Posto	Severidade	D.1.1) Condicións físicas	Probabilidade	Severidade	D.1.2) Condicións psicosociais	D.2.1) Horarios, descansos e vacacións	D.2.2) Desprazamentos e viaxes
1	Animdor/a sociocultural	**Non relevante**	Non relevante	**MOI PROBABLE**	**MOI GRAVE**	5	2	3
2	Administrativo/a	**Non relevante**	Non relevante	**PROBABLE**	**GRAVE**	3	1	Non relevante
3	Control de acceso	**Non relevante**	Non relevante	**PROBABLE**	**GRAVE**	3	1	Non relevante
4	Coordinador/a	**Non relevante**	Non relevante	**PROBABLE**	**GRAVE**	3	2	Non relevante
5	Educador/a social	**Non relevante**	Non relevante	**MOI PROBABLE**	**MOI GRAVE**	5	1	Non relevante
6	Instrutor/a	**Non relevante**	Non relevante	**MOI PROBABLE**	**MOI GRAVE**	5	1	Non relevante
7	Limpeza	**MOI GRAVE**	5	**MOI PROBABLE**	**MOI GRAVE**	5	2	1
8	Monitor/a-Socorrista	**GRAVE**	4	**MOI PROBABLE**	**GRAVE**	4	3	Non relevante
9	Monitor/a-Animación	**Non relevante**	Non relevante	**MOI PROBABLE**	**GRAVE**	4	3	3
10	Prof. Titular	**Non relevante**	Non relevante	**MOI PROBABLE**	**MOI GRAVE**	5	2	3
11	Servizos xerais	**Non relevante**	Non relevante	**PROBABLE**	**GRAVE**	3	1	1
12	Técnico/a especialista	**Non relevante**	Non relevante	**PROBABLE**	**GRAVE**	3	1	Non relevante

En base a esta valoración, derivaron as seguintes Escalas:

Escalas	Posto + Puntos
Escala 1	Coordinador/a (568)
Escala 2	Prof. Titular (546)
	Servizos xerais (526)

Escala 3	Animador/a sociocultural (418) Administrativo/a (488) Instrutor/a (453) Monitor/a-Socorrista (437) Técnico/a especialista (473) Educador/a social (493)
Escala 4	Monitor/a-Animación (333)
Escala 5	Limpeza (276)
Escala 6	Control de acceso (210)

Conclusións da auditoría retributiva:

- A empresa conta cunha valoración de postos de traballo.
- Ao analizar as medias e as medianas da Escala 3 non se detectan brechas salariais significativas nin superiores ao 25% tal e como establece o RD 902/2020 da igualdade retributiva de homes e mulleres.
- As diferenzas tanto da Escala 2 como da 6 explícase debido ás diferentes xornadas que realiza o persoal da empresa.
- Por último, a Escala 4 débese á composición de sexo nesa categoría.
- **Esta auditoría retributiva terá a mesma vixencia que o Plan de Igualdade, é dicir: 30 de xuño de 2025 ata 29 de xuño de 2029**.

**As medidas correctoras da mesma, preséntanse no apartado 5 deste Plan (ámbito de actuación: política retributiva)*

4. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE IGUALDADE

Os obxectivos xerais son aqueles obxectivos que se deben ir cumprindo co desenvolvemento do propio Plan durante o seu tempo de vixencia. Estes obxectivos, dos que podemos dicir que son as liñas mestras do Plan de igualdade, deben abarcar aqueles aspectos máis xenéricos sobre os que é necesario actuar para corrixir situacións de desigualdade.

En consonancia co establecido na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de Marzo, o principal obxectivo do Plan de Igualdade de **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.** é garantir no ámbito da empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, asegurando unha contorna de traballo libre de discriminación e, en particular, por razón de sexo.

En cumprimento deste obxectivo primordial, o Plan prevé asegurar a ausencia de discriminación (directa ou indirecta) nos procedementos, ferramentas e actuacións relativas á Selección, Contratación, Promoción e Desenvolvemento Profesional, Comunicación, Retribución e acoso sexual e por razón de sexo, en consonancia cos Principios e políticas da empresa.

A estes efectos o Plan de Igualdade de **ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L.** ten entre os seus obxectivos principais en función de cada unha das áreas de actuación os seguintes:

- ✓ DIFUSIÓN E COMPROMISO COA IGUALDADE

Difundir unha cultura empresarial comprometida coa Igualdade sensibilizando a todo o persoal da necesidade de traballar e actuar, conxunta e globalmente en igualdade de oportunidades.

- ✓ ACCESO E SELECCIÓN

Manter en todo momento nos procesos de selección e contratación, procedementos e políticas de carácter obxectivo baseadas en principios de mérito e capacidade e de adecuación persoa-posto, valorando as candidaturas en base á idoneidade, asegurando en todo momento que os postos de traballo dos diferentes ámbitos de responsabilidade son ocupados polas persoas máis adecuadas nun marco de igualdade de trato con ausencia de toda discriminación por razón de sexo.

Búscase igualmente o acceso ás mulleres naquelas áreas nas que estean infrarrepresentadas.

- ✓ FORMACIÓN

Garantir a realización de accións formativas que faciliten por igual o desenvolvemento de habilidades e competencias sen distinción de sexo .

- ✓ PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

Promover e garantir a igualdade de oportunidades directa e indirecta, entre homes e mulleres no proceso de promoción e desenvolvemento profesional.

- ✓ RETRIBUCIÓN

Garantir a transparencia do Sistema retributivo da empresa e a adecuación do mesmo aos principios de igualdade en función do posto de traballo e valoración.

- ✓ ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO E CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL

Promover a igualdade de oportunidades de toda persoa dentro da empresa en todos os momentos da súa vida laboral, garantindo o acceso e exercicio de medidas de conciliación entre a súa vida laboral e persoal.

- ✓ ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO

Asegurar que todo o persoal da empresa goza dunha contorna de traballo libre de todo tipo de situacións de acoso e intimidacións e no que a dignidade das persoas sexa un valor defendido e respectado.

- ✓ VIOLENCIA DE XÉNERO

Protección ás vítimas de violencia de xénero que puidesen darse dentro da organización, establecendo un protocolo de Actuación.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

5.1. ESTRATEXIAS E PRÁCTICAS: ACCIÓNS

5.1.1. Accións implantadas:

A empresa conta cun Plan de Igualdade anterior.

5.1.2. Accións a implantar:

A seguinte listaxe de medidas acordadas distribúese por áreas e obxectivos (principal e específicos), incluíndo os indicadores para control das mesmas, e sinalando, para cada caso, o/o Departamento/s Responsable/s, dentro das empresas, de execución da medida e o prazo máximo establecido para o cumprimento da mesma.

Considéranse **medidas prioritarias** as seguintes:

1. Difusión do Plan de Igualdade a todo o persoal.
2. Informarase a RLPT dos procesos de selección e contratación de persoal co fin de avaliar a igualdade de oportunidades.
3. Eliminar de todo o proceso de recrutamento, selección e contratación calquera cuestión non vinculada co posto a ocupar, especialmente as de carácter persoal e familiar.
4. Establecer un permiso retribuído para o persoal con fillos e fillas que, por mor da súa escolarización, precisen acompañar as crianzas durante o período de adaptación.
5. Establecer un permiso retribuído para quen acredite a necesidade de acompañar a consulta médica a familiares dependentes de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade (crianzas ou familiares).
6. Garantir o dereito de reserva do posto de traballo durante todo o tempo de excedencia por coidado de fillos ou fillas ou de familiares ou persoas dependentes, sempre que se acredite dita situación.
7. Difundir a todo o persoal as medidas e dereitos recoñecidos na lexislación vixente e no respectivo convenio colectivo do sector, así como as melloras acordadas destes, garantindo que todos estes dereitos sexan accesíbeis a todo o persoal, independentemente do sexo, modalidade contractual ou antigüidade (non dirixir medidas de conciliación como dereitos dirixidos exclusivamente a mulleres, garantir o seu acceso a parellas de feito, a persoal con contrato temporal, a tempo parcial).

8. Comunicación efectiva do protocolo de acoso a todo o persoal, incidindo na responsabilidade de cada unha das partes en garantir unha contorna laboral exento de acoso, fomentando desta maneira un clima no que este non poida producirse.
9. Desenvolver accións informativas e formativas impulsando cursos específicos sobre igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a violencia de xénero, integrándoos no plan de formación.
10. A vítima poderá acreditar a situación de vítima de violencia de xénero por diferentes medios: sentenza xudicial, denuncia, orde de protección, atestado das forzas e corpos de seguridade, informe médico ou psicolóxico, informe de servizos públicos (servizos sociais, sanitarios, centros de saúde mental, equipos de atención integral ás vítimas, CIM, Casas de Acollida, etc.), entre outros.
